

H

Carlos Pardo Ros, 2022

1127

ESTREA EN NUMAX: 27.06.2023 | V.O. | +12 | 67 min

É 12 de xullo de 1969 en Pamplona, exactamente no quinto día das festas de San Fermín. Nese día de peche, despois de que se abran as portas e saian os seis touros bravos disparados, un sepárase do grupo e no seu percorrido acomete un home lanzándoo polos aires. O home morre ao instante dunha cornada no corazón. Sen documentación que o identifique, de el só se sabe que, ao contrario do resto de corredores, ía vestido de azul e levaba nun peto un chaveiro coa letra H.

«Levará a cada espectador a un espazo mental diferente e, en ocasións, extremo»

Alfonso Rivera, CINEUROPA



Entrevista con Carlos Pardo Ros: «Eu non quería facer algo radical, senón emocional»

Por Alfonso Rivera

Como foi o balance de todo este camiño por festivais? A experiencia foi satisfactoria e confirmei a miña sensación de que é un filme que funciona ben en salas e é máis difícil velo noutros contextos, porque a lectura é diferente se a contemplas na casa. É un filme que hai que vivilo e sentilo desde o estómago, cousa que sucede na sala de cinema. Creo que *H* se vive mellor se un se deixa levar.

É unha experiencia inmersiva, sen un argumento ao uso... É unha proposta cunha liña narrativa moi fina. É máis unha experiencia, facer sentir unha vertixe de morte, a sensación de agresividade e violencia, tamén soidade ou amor... Un montón de sentimentos que poden aflorar mentres a ves. Vai máis por aí que polo que poida narrar, conta cousas, pero non dunha forma convencional.

Desde os festivais chegaríanche interpretacións radicais e inesperadas por parte dos espectadores. Adoitan ser viscerais e os coloquios posteriores á proxección son difíciles. Gustaríame deixar a pantalla en negro durante cinco minutos, ao acabar a proxección, para que o público fose saíndo do cinema lentamente, porque remata o filme e estás aínda un pouco atolado tras o que acabas de ver. A moita xente xórdenlle emocións de dentro, como conexións cos seus pantasma ou con cousas das que estaban desconectadas... Eleva o espectador a un plano místico a partir de asuntos terreaus, como xente de festa nos Sanfermíns. Tamén se dan reaccións radicais, con xente que non o soporta; o filme ten o seu público, pero sabía que outras persoas o rexeitarían. Eu non quería facer algo radical, senón emocional. Tampouco inventei nada, pois hai outros títulos de construcións similar, pero sabía que tería un público selectivo.

O propio filme, tras a súa rodaxe e montaxe, cambiouche a idea orixinal que tiñas? O que tiñamos desde o comezo era maleable: foi sutil a idea inicial, baseada na morte do meu tío e a rodaxe con varios móbiles. A partir de aí había asuntos que quería que estivesen, pero deixei levar polas sensacións da rodaxe; falei moito co equipo sobre o que vivimos mentres rodabamos, e todo iso foino conformando. Deixamos que as imaxes foran dando forma ao que o filme ía ser. Intentei escribir un guión previo á rodaxe, pero non tiña sentido, porque este filme non se podía explicar ata que non tivésemos imaxes. Iso provocou que conseguir axudas para levantar o proxecto fose complicado, pois era difícil de explicar e sendo ademais eu un director novel ninguén ía facerme caso. Pero fixemos o filme que desexabamos facer.

Porque... a motivación foi a misteriosa morte do teu tío? A motivación inicial dese feito, pero sobre todo a fantasía e ficción que había en torno a el: como cineasta interesábame fantasiar sobre isto. Tiña que suceder en Pamplona e nas mesmas horas nas que o meu tío estivo perdido, antes de morrer traxicamente. Sobre esta base construíuse todo o demais. Foi un xogo coa ficción da memoria: se a memoria é caprichosa, porque todo o mundo vai cambiando unha idea, eu quero modificar completamente a memoria da miña familia e presentar algo alleo á historia de *H* (a inicial do nome do meu tío), pero ao mesmo tempo conectado.